

Autores: BAZARRA, L.,
CASANOVA, O. e
GARCÍA UGARTE, J.
Ano: 2004
Títulos: *Ser profesor y dirigir
profesores en tiempos de
cambio*
Lugar: Madrid
Editorial: NARCEA

Nos tempos que estamos a vivir, cheos de cambios e incerteza no sistema educativo, os autores propóñennos unha Pedagogía Interrogativa, centrada na tarefa de escoitar, discutir, imaxinar e encher as escolas de ideas e proxectos.

Na primeira parte do libro reclaman máis dedicación, creatividade e profesionalidade para a educación dos rapaces e adolescentes do século XXI, fundamentando a súa petición na realidade cambiante do mundo que nos rodea.

Ben é certo, que cos tempos que corren, poderíamos pensar en cambiar a pedagogía actual feita de respostas por unha pedagogía chea de interrogantes. A heteroxeneidade, a diversidade de intereses, culturas e actitudes, é o reto ao que nos enfrontamos. Os modelos que funcionaban hai dez anos non lle dan resposta á problemática actual, e iso trae, ás veces, desmotivación e pasividade. Os autores propoñen, como fin do traballo docente, desenvolver a curiosidade e a dúbida

no alumnado, fronte ao medo ao cambio e á comodidade.

Convídanos, ademais, a reflexionar sobre a actividade que estamos a realizar arestora, formulando asemade varias interrogantes:

¿Somos os educadores uns profesionais vistos como unha referencia para a sociedade?

¿Estamos presentes nos foros que crean opinión pública (radio, televisión...)?

As conclusións ás que chegan son, por unha banda, que non sabemos vendernos, e por outra, que estamos perdendo a posibilidade de ser máis respectados pola sociedade en conxunto.

Un modelo educativo de referencia para eles é a Xeración do 98 e a “Institución Libre de Enseñanza”. Homes e mulleres apaixonados polo ensino, que tiñan a firme convicción e confianza de que o individuo grazas á educación era quen de mellorar, como ser humano e tamén como membro dunha colectividade. Xeración que apostou, ademais, claramente pola investigación.

Outro punto de referencia é o concepto educativo que imperaba na antiga Grecia, onde a observación e o diálogo se situaban como eixe educativo. Ao seu abeiro, propoñen converter as aulas nun espazo de diálogo colectivo; punto importante de reflexión, xa que como todos coñecemos, moitos dos excesos emocionais nos que viven os nosos alumnos e alumnas, moitos dos problemas de comportamento, son o resultado da súa incapacidade para manexar e comprender a realidade a través das palabras.

Unha das reflexións interesantes desta primeira parte é a que identifica o feito de educar co de humanizar; ou, dito doutro modo, a que compara a tarefa de educar cunha actividade humanizadora. Ademais, aos educadores defíneseos como creadores de humanidade.

Na segunda parte do libro, de título *“Dirixir profesores en tempos de cambio”*, ofrécese o que poderíamos denominar a arquitectura dun proxecto comunitario de solidariedade e esperanza, no que conflúen as inxedanzas de profesores e profesoras nun mesmo centro escolar, dinamizados todos eles, por un equipo directivo que ten como misión esencial a de apoiar, estimular e motivar.

Non se trata só de que os equipos directivos lles dean resposta aos problemas que xorden diariamente, senón que teñan a capacidade de ver onde está e onde terá que estar o cen-

tro a medio e a longo prazo. Deben ser quen de liderar o cambio, e o liderado que se deriva só da xestión administrativa e económica, non se amosa suficiente para eles.

Abordan, así mesmo, de cheo un dos temas de grande actualidade no eido educativo: a calidade educativa. Pois ben, se temos en conta que a calidade nun centro escolar a podemos avaliar en función do logro dos obxectivos, o triángulo: felicidade do profesorado no desenvolvemento do seu traballo, implicación do mesmo no seu labor diario e calidade educativa, apunta neste sentido e constitúe un dos eixes da construción teórica dos autores. O éxito no logro de obxectivos nos centros educativos é, as máis das veces, proporcional ao grao de implicación e motivación dos educadores. Unicamente un profesional motivado é quen de comprometerse ata o final no desenvolvemento da súa tarefa, e canto máis feliz se atope unha persoa no seu traballo, máis se involucrará e implicará no mesmo, o que contribuirá a aumentar sensiblemente as posibilidades de acadar os obxectivos iniciais.

O mesmo poderíamos dicir no camiño de volta: a maior calidade educativa nun centro escolar, máis felices serán os profesores e profesoras, que xa ven que no seu traballo obteñen resultados, e máis se comprometerán para seguir avanzando e medrando no futuro. Ese é o camiño, segundo os

autores, cara a onde hai que dirixir o profesorado: á felicidade no desenvolvemento da súa profesión.

Dous son os aspectos principais que para eles definen o que entendemos que é un centro escolar con calidade: o aspecto estrutural e o aspecto educativo. O primeiro comprende a eficiencia dos procesos de organización e xestión, ademais da calidade e cantidade das instalacións, así como os recursos técnicos e pedagóxicos con que conte. Pero este non é o obxectivo do libro, que se centra máis no segundo aspecto: o educativo. Profunda no concepto de calidade desde a perspectiva da actuación educativa do profesorado (aspecto educativo) e do logro dos seus obxectivos profesionais, que define como a consecución por parte do alumnado do pleno desenvolvemento das súas capacidades, tanto das académicas como das ético-sociais.

A nosa misión consistirá, pois, en amosarlles aos nosos alumnos como vivir e de que vivir, conseguindo cidadáns íntegros, satisfeitos consigo mesmos, que sexan capaces de xerar procesos de cambio, de mellora da súa propia realidade e da daqueles que os rodean.

Recordemos que se educa coa palabra, pero tamén co exemplo. Os nosos alumnos e alumnas escóitanos todos os días, pero tamén nos observan, captan as nosas virtudes, á vez que as nosas contradicións, e en

moitos casos, lamentablemente, as interiorizan.

Na última parte do volume, afondan os autores nas que consideran as catro ferramentas de Dirección imprescindibles na dinamización positiva dun centro escolar: a comunicación, o traballo en equipo, o liderado e o clima.

Á hora de priorizar e por orde de importancia, a primeira delas, ocupa sen lugar a dúbidas o eixe central do discurso, no que se analizan polo miúdo todos os procesos de comunicación que se producen nos centros escolares entre diferentes grupos de interese: o persoal de administración e servizos, a dirección, o profesorado, o alumnado e os pais e nais. Pero tendo sempre presente que os momentos de comunicación profesional, deben responder a unha estratexia, a de mellorar a calidade educativa do centro.

Neste sentido afirman que as direccións dos centros deben crer firmemente nos profesionais que alí traballan, e ademais deben dicírllelo e demostrárllelo con asiduidade; apoiando e reforzando as súas decisións e actuacións (sempre que estas respondan á filosofía e ao ideario dos mesmos), e evitando de paso, que as ilusións de moitos deles vaian quedando no camiño por sentirse ignorados ou pouco ou nada recoñecidos. Só un profesor implicado no seu traballo pode educar con calidade, e só un

claustro de profesores implicados pode facer que un centro educativo sexa de calidade.

Para conseguir levar adiante todo o que aquí se propón –que en última instancia non é máis que mellorar a calidade educativa dos centros educativos–, establécese a necesidade de que estes elaboren plans estratéxicos, nos que partindo dunha análise do clima existente, e da necesaria sensibilización, se cheguen a fixar obxectivos e accións concretas de actuación, que por outra banda, poidan ser realizadas e tamén avalia-

das. Estes obxectivos deben pasar por crear espazos de creatividade e iniciativa, necesariamente.

En definitiva, a gran revolución que precisa a escola debe nacer nas aulas e nos claustros; e é que é necesaria a recuperación da paixón polo traballo e a felicidade profesional, –o que por outro lado fará que cheguemos a ser máis recoñecidos socialmente–. Pero isto esixe cambios de mentalidade, deixar de esperar tempos mellores, para elixir facelos posibles; ou pensar que a calidade no ensino depende da creación continua de novas estruturas e de novas leis.

Francisco Javier González Álvarez
I.E.S. Germán Ancochea Quevedo
A Pobra de Trives